

JOSÉ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ “O MATEMÁTICO DE BERMÉS” (1770-1824): UN XENIO DÍSCOLO

VILLANUEVA PÉREZ, M. CARMEN

Universidade de Vigo

1. Introducción

José Rodríguez González (Bermés, 1770-Santiago de Compostela, 1824) foi unha persoa cunha biografía persoal e científica excepcional se consideramos que naceu nunha pequena aldea do actual Concello de Lalín, pertencía a unha familia de labradores e estaba destinado por ela á vida relixiosa.

No 1801 obtivo a cátedra de Matemáticas Elementais da Universidade de Santiago de Compostela. En 1803 partiu a ampliar estudos a París onde permaneceu durante tres anos, estudando no Colexio de Francia e no Observatorio da capital cos máis grandes sabios da época. Recomendado por eles participou, comisionado polo Goberno español, na Expedición da medida do Meridiano entre Barcelona e Formentera para definir o metro patrón coa maior exactitude, que tivo lugar entre 1806 e 1808.

A finais do 1809 trasladouse a Inglaterra e traballou para o servizo cartográfico do país, publicando ademais un artigo na revista da Royal Society. Regresou no verán do 1812 e fíxose cargo da súa cátedra, agora de Matemáticas Sublimes, na que permaneceu dous anos, partindo en setembro de 1814 cara Alemaña, onde estudou mineraloxía con Abraham Gottlob Werner e matemáticas co gran Friedrich Gauss en Gotinga.

Despois de pasar dous anos en Francia, entre 1817 e 1819, nos que seleccionou e xestionou a compra de instrumentos científicos para as cátedras de ciencias da Universidade de Santiago e a elaboración da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán, regresou a España ao ser nomeado profesor de astronomía en Madrid e pouco despois director do seu Real Observatorio.

Foi tamén deputado por Galicia entre 1820 e 1823 nas Cortes do Trienio Liberal. Na capital permaneceu ata abril de 1823 cando retornou a Santiago ao entraren en España os *Cien Mil Hijos de San Luis*.

Faleceu en Santiago de Compostela o 30 de setembro de 1824 pouco despois de volver da súa última viaxe a Oporto, Coimbra e Lisboa.

A Real Academia Galega de Ciencias nomeouno “Científico Galego do Ano” do 2024 e se lle está recordando cun bo número de actividades, dando a coñecer ao gran público a persoa e a súa traxectoria científica de pouco máis de vinte anos, con lagoas considerables debido ao escaso legado que chegou aos nosos días.

Preténdese, a partir do contido dalgunhas das súas cartas, a maioría persoais e enviadas ao seu amigo Julián Suárez Freire, coñecer como era José Rodríguez, a relación coa súa familia, o seu

carácter, crenzas relixiosas, actitude ante a vida, ideoloxía política, relación cos amigos e tamén a súa gran paixón polo coñecemento científico.

Reflexionar así mesmo sobre o que no século XXI pode aportarnos o seu exemplo, o dunha persoa que viviu en coherencia coas súas ideas, dunha enorme curiosidade e interese por aprender, o eterno estudante, “o Erasmus galego” como o denominou Mercedes Sampayo.

Habitante dun tempo convulso, de grandes transformacións sociais e políticas tanto en España como no resto de Europa. As estadias que durante longos anos realizou para formarse en varias ramas das matemáticas e as ciencias naturais, só estaban ao alcance dunha pequenísima parte da poboación. O traslado a eses lugares distantes, implicaba longas e incómodas viaxes por mar ou polos malos camiños existentes naquel tempo.

Rodríguez foi un apaixonado pola ciencia, afondar no seu coñecemento foi o motor da súa vida, e a súa obsesión contribuír a que o seu país adquirise prosperidade a través da súa aplicación práctica.

As ideas ilustradas que el compartía supuxeron un impulso que levou, en Europa, a sentar as bases da ciencia moderna e levou ao enorme nivel de desenvolvemento actual do que José Rodríguez estaría asombrado.

2. Bibliografía

Villanueva, M. Carmen (2023). *José Rodríguez González (1770- 1824), matemático, geodesta, astrónomo, naturalista y viajero científico por Europa*. Uvigo. Tesis doctoral. En <http://hdl.handle.net/11093/6262>